

Curso 2024/25

# PROGRAMA ESCOLAR MPG

---

Actividades e obradoiros  
didácticos.

INFANTIL e PRIMARIA

Museo do Pobo Galego



# ACTIVIDADES CO DEAC

## • INFANTIL E 1º CICLO DE PRIMARIA

### O MUSEO NUN CORDEL

Primeiro trimestre do curso

Xunto coa narradora Raquel Queizás visitaremos a sala de oficios aprendendo sobre eles grazas ás maltranas, cartelóns con debuxos que utilizaban as persoas cegas para contar historias. Deste xeito achegaremos ao alumnado máis novo ao amplo mundo do patrimonio inmaterial, non só a través de contos, lendas ou adiviñas, senón tamén da poesía oral e da literatura de cordel.

Esta actividade conta con propostas didácticas para poder afondar nos contidos da visita.

- Dirixida a Infantil (desde os 4 anos) a 2º de Primaria.
- Actividade dinamizada polo DEAC. Prezo: 1€ por alumna/o. De balde para centros socios.
- Duración de 60 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas: 8 e 15 de outubro, 6 de novembro ou 3 de decembro.
- Horario: 11h15 ou 12h30.

### XOGOS CANTADOS

Segundo e terceiro trimestre do curso

A través de xogos de roda que levan asociados coreografías e cantigas, o alumnado máis petís poderá achegarse as salas do Museo e aos arquivos de PCI. Cantaremos coplas inspiradas na nosa tradición oral e elas darannos pé para bailar e procurar polo Museo moitos dos utensilios dos que falan. Dun xeito divertido, potenciaremos non só a nosa habilidade cantora, senón tamén a psicomotricidade, a escoita atenta, a comprensión do que cantamos, todo a través da participación grupal.

- Dirixida a Infantil (desde os 4 anos) a 2º de Primaria.
- Actividade dinamizada polo DEAC. Prezo: 1€ por alumna/o. De balde para centros socios.
- Duración de 60 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.

## • 2º CICLO DE PRIMARIA

### A TOUPORROUTOU

#### Primeiro trimestre do curso

A Touporroutou é unha de tantas mulleres que transmiten a nosa poesía oral. É moitas desas voces gravadas no pasado, que se espallan polas salas do Museo, e que son fonte de inspiración para as máis recentes figuras da música actual.

Nesta actividade investigaremos coa rapazada recreando esa labor de recompilación que foi e é tan importante para manter vivo o noso patrimonio oral.

- Dirixida a 3º e 4º de Primaria.
- Actividade dinamizada polo DEAC. Prezo: 1€ por alumna/o. De balde para centros socios.
- Duración aproximada de 60 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: 29 de outubro, 13 e 20 de novembro ou 10 de decembro.
- Horario: 11h15 ou 12h30.

### CANTIGAS BEN CHAS SEI

#### Segundo e terceiro trimestre do curso

Xogo de descuberta polas salas do Museo tendo como fío condutor o canto e a música tradicional. Coplas, instrumentos ou sons e imaxes recompiladas nos arquivos do Museo serán quen nos guíe nesta viaxe pola poesía oral.

- Dirixida a 3º e 4º de Primaria.
- Actividade dinamizada polo DEAC. Prezo: 1€ por alumna/o. De balde para centros socios.
- Duración de 60 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.

## • 3º CICLO DE PRIMARIA

### IMOS DE RECOLLA

#### Todo o curso.

Con dinámicas lúdicas, o alumnado percorrerá as salas observando, escoitando, entrevistando, transcribindo... é dicir, xuntando información centrada no patrimonio inmaterial a falar da nosa cultura tradicional. Con esta actividade, imos de recolla!

- Dirixida a 5º e 6º de Primaria.
- Actividade dinamizada polo DEAC. Prezo: 1€ por alumna/o. De balde para centros socios.
- Duración aproximada: 75 minutos.
- Máximo de participantes por sesión: 25
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 14h.

## • PRIMARIA

### MICE PETÍS

En marzo.

MICE Petís é a sección didáctica para centros escolares da MICE, a nosa Mostra Internacional de Cinema Etnográfico, que celebraremos do 12 ao 16 de marzo de 2025.

Na semana da Mostra ofrecémosvos sesións cinematográficas no Museo onde veremos a escolla de curtas feita por Severiano Casalderrey, docente e programador experto en cinema curto. Unha oportunidade coa que mergullar ao alumnado de Primaria en diferentes culturas do mundo.

- Esta proposta está dirixida a Primaria, a partir de 2º EPO.
- Actividade mediada polo DEAC. Prezo de 1€ por alumna/o. De balde para centros socios.
- Duración da sesión: 50 minutos.
- Datas e horario: en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

## ACTIVIDADES AUTÓNOMAS

Ofrecémosvos diferentes actividades autónomas, é dicir, **dirixidas polo profesorado** no Museo, a través de materiais que vos enviamos con antelación. Poderedes gozar dos contidos da exposición permanente mediante diferentes dinámicas adaptadas a cada tramo educativo.

Podedes escoller entre:

- **Coscobellos ao cesto** \_\_\_\_\_ Para Infantil e 1º EPO.
- **Museo en test** \_\_\_\_ Xogo adaptado de 2º a 6º EPO.

Podedes ver os materiais [premendo aquí](#) e procurando a pestana “Materiais para visitas autónomas”.

Para orientarvos no espazo, recomendamos traer este [plano](#).

- Actividades dirixidas polo profesorado.
- Prezo de balde mais lembre que o centro debe traer os materiais impresos.
- Duración aproximada de 60 minutos.
- Máximo de 30 participantes en cada quenda.
- Datas e horario: de martes a venres de 11h a 18h.
- Aínda que sexan visitas autónomas, sen a mediación do departamento de educación, debedes ter a reserva confirmada a través do correo-e [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

# ACTIVIDADES NO CENTRO

## MICE PETÍS VIRTUAL

Como vos contamos arriba, a MICE Petís é a sección didáctica para centros escolares da MICE, a nosa Mostra Internacional de Cinema Etnográfico, que celebraremos en marzo de 2025.

A partir do 16 de marzo e até finais de curso, achegarémovos unha selección de curtas a través dunha ligazón para poderdes descargalas e visualizalas no centro co voso alumnado.

- Esta proposta está dirixida a Infantil e Primaria.
- Prezo de 50 céntimos por participante.
- Duración aproximada da selección de curtas: 40 minutos.
- Datas e horario para sesións virtuais: a determinar polo centro a partir da semana de celebración da MICE e até finais de curso.

## O CICLO FESTIVO

Achegámosvos recursos didácticos **para traballar no voso centro** cos diferentes cursos de Infantil e 1º de Primaria naquel momento do curso que mellor vos conveña. O eixo central son as **festas populares** que celebramos ao longo do ano e nas que poderedes afondar a través de recursos do noso **folclore** como cancións, deseños tradicionais, refráns ou diferentes ritos asociados.

- Solicitudade dos materiais en [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)
- Prezo de balde.

## INFORMACIÓN PARA VISITARNOS

### • HORARIO

Atención telefónica: de martes a venres de 09h30 a 15h.

Atención de grupos en sala: de martes a venres de 11h a 14h.

As actividades libres ou autónomas pódense facer no [horario de apertura do Museo](#).

### • RESERVA DE ACTIVIDADES

A través [deste formulario](#).


### • PREZOS


Entradas de balde para estudantes menores de 18 anos.

As actividades co DEAC teñen o custe de 1€ por alumna/o. Son gratuítas para centros socios.

As actividades libres ou autónomas son de balde.

### • DATOS DE CONTACTO

 [servizosdeac@museodopobo.gal](mailto:servizosdeac@museodopobo.gal)

 981 583 620 · Tede en conta que moitas veces estamos en sala, polo que a mellor forma de contactarnos é vía correo-e